



ANUNCIO DO TRIBUNAL CUALIFICADOR DO PROCESO SELECTIVO CONVOCADO PARA A PROVISIÓN DE CATRO PRAZAS DE ADMINISTRATIVO DE ADMINISTRACIÓN XERAL POLA QUENDA DE PROMOCION INTERNA OEP 2017

RESULTADO DO SEGUNDO EXERCICIO.-Reunido o tribunal cualificador, o día 2 abril de 2019, para a cualificación do segundo exercicio, trala lectura dos exercicios polos opositores e aplicados os criterios establecidos segundo as bases da convocatoria, os resultados obtidos polos mesmos foron os seguintes:

ASPIRANTE	PUNTUACIÓN
SARA COVELA RUA	18,15
ALBERTO AROSA LANDÍN	16,16
MARIA DEL CARMEN QUINTANS GRAÑA	13,30
RAQUEL PARDILLA GAGO	13,16

Os/as restantes aspirantes quedan eliminados/as por non acadar a puntuación mínima esixida nas bases.

CUALIFICACIÓN DEFINITIVA.- A puntuación total do proceso selectivo para a provisión de catro prazas de administrativo de administración xeral pola quenda de promoción interna é a seguinte:

ASPIRANTE	CONCURSO	1º EXE.	2º EXE	TOTAL
SARA COVELA RÚA	11,70	19,33	18,15	49,18
ALBERTO AROSA LANDÍN	9,95	20,00	16,16	46,11
RAQUEL PARDILLA GAGO	10,70	18,00	13,16	41,86
MARÍA DEL CARMEN QUINTANS GRAÑA	10,70	14,66	13,30	38,66

PROPOSTA DE NOMEAMENTO.- En consecuencia o tribunal eleva ao Sr. Concelleiro a seguinte proposta de nomeamento como funcionarios de carreira para catro prazas de administrativo de administración xeral, para os efectos da súa aprobación, de conformidade co establecido nas bases da convocatoria, aos seguintes aspirantes:



APELIDOS E NOME	PUNTUACION TOTAL
SARA COVELA RÚA	49,18
ALBERTO AROSA LANDÍN	46,11
RAQUEL PARDILLA GAGO	41,86
MARÍA DEL CARMEN QUINTANS GRAÑA	38,66

Os aspirantes propostos deberán achegar dentro do prazo de 20 días naturais, contados desde a publicación deste anuncio no taboleiro de anuncios do Concello, a documentación sinalada nas bases para xustificar que cumpren os requisitos esixidos para o seu nomeamento e para a praza convocada, de conformidade co establecido no artigo 16 das bases da convocatoria

RÉXIME DE RECURSOS.- Sen prexuízo das alegacións ou solicitudes que os/as aspirantes consideren oportunas realizar, contra as resolucións do Tribunal e os seus actos de trámite cualificados poderase interpoñer, para esgotar a vía administrativa, o recurso de alzada ante a autoridade que o nomeou, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, consonte ao establecido no artigo 121 e seguintes da Lei 39/2015, de 01 de outubro, de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común.

Non obstante, os/as interesados/as tamén poderán interpoñer calquera outro recurso que estimen procedente consonte a dereito.

PUBLICACIÓN DO RESULTADO.- O Tribunal dispón que pola Secretaría se publique no taboleiro de anuncios do Concello de Pontevedra, sito na rúa Michelena 30 (baixo) e de forma complementaria, se publique na páxina web do Concello de Pontevedra, a relación coas cualificacións obtidas polos aspirantes aprobados no segundo exercicio e a proposta de nomeamento por orde de puntuación dos aspirantes que superaron o proceso selectivo.

O Secretario do Tribunal na data da sinatura electrónica

